

1.- CANTIGA DE PONTEVEDRA

Dá de beber a quen pasa,
Pontevedra é boa vila,
dá de beber a quen pasa,
a fonte na ferrería,
San Bartolomeu na praza.(BIS)
Ai la lelo, ai lala lo.

Retrouso
*Polo mar abaixo vai unha sartén
vai fritindo peixes han de sabe ben
han de saber ben, han de saber ben
polo mar abaixo vai unha sartén*

Pontevedra de coral-e,
Lugo da cor do aceiro
Pontevedra de coral-e,
Ourense de limoeiro,
A Coruña de cristal-e (BIS)
Ai la lelo, ai lala lo

RETROUSO

Ten unha pipa no monte,
San Antonio da Caeira
ten unha pipa no monte,
as mulleres beben viño
os homes auga da fonte, (BIS)
Ai la lelo, ai lala lo

RETROUSO

2.-O ROUBADOR

Roubei na casa do cura (BIS) Aiiiii
Pensei que estaba a durmir-e (BIS)
Entrar non me foi difícil (BIS) Aiiiii
O carallo foi sair-e (BIS)

[Lalai lalai lalerolelai lalai laleroalerolelai
lalai lalerolelerolelai] (BIS)

Entrei na do señorito (BIS) Aiiiii
pensando que había fartura (BIS)
E pelexeime co can-e (BIS) Aiiiii
Por unha codela dura (BIS)

Lalai... (BIS)

Pra roubar no cuartelillo (BIS) Aiiiii
Vestinme de panadeiro (BIS)
E cargáronme no lombo (BIS) Aiiiii
Leña para un forno enteiro (BIS)

Lalai... (BIS)

Poderás dicir que si-e (BIS) Aiiiii

Poderás dicir que non-e (BIS)
Pero por quen estou preso (BIS) Aiiiii
E polo teu corazón-e (BIS)
Lalai... (BIS)

3.- O CAÍÑO

De onde vés meu gaiteriño?
A onde vas polo veran-e?
Todos sachando no millo (BIS)
e ti coa gaita na man-e (BIS)
De onde vés meu gaiteriño?
A onde vas polo veran-e?

Retrouso
*Miña neniña, cantaruxeira
heiche cantare anque túa nai non queira.
Ou ben na fonte, ou ben no prado,
ou ben no cuarto que tes alá no sobrado*

Veño dunha romaría,
dunha romaría noutra.
Veño dunha romaría (BIS)
e mañá vou para outra (BIS)
Veño dunha romaría,
dunha romaría noutra.

RETROUSO

Neste lugarciño novo,
amores hei de tomar-e.
Ou na cima ou no fondo (BIS)
ou no medio do lugar-e (BIS)
Neste lugarciño novo,
amores hei de tomar-e.

RETROUSO (BIS)

4.-A RIANXEIRA

Retrouso
*Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non te embarques rianxeira,
que te vas a marear.*

[A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira,] (BIS)
[descalcíña pola area,
parece unha rianxeira.] (BIS)

RETROUSO

[A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo,] (BIS)
[a barquiña que a leva
era de pau de laranxo.] (BIS)

RETROUSO
[A Virxe de Guadalupe
Quén a puxo moreniña] (BIS)
[Foi un raiño de sol
Que entrou póla ventaniña] (BIS)

RETROUSO (3)

5.-FOLIADA DE CARRIL

[En Carril casou meu pai,
ai, en Carril quero casar-e] (BIS)
moito me gustan as mozas (BIS)
Que son da beira do mar-e (BIS)
Ai la le lo, ai la la la.

Retrouso
*Se vas a Carril, ao mesmo chegar
verás Cortegada deitada no mar,
deitada no mar, ollando por ela,
van os mariñeiros (BIS)
nos botes de vela.*

[Nosa señora da guía,
ai da guía dos mariñeiros] (BIS)
guía da nosa cuadrilla (BIS)
toda de mozos solteiros (BIS)
Ai la le lo, ai la la la.

RETROUSO

[Teño un amor mariñeiro,
ai bonito coma unha rosa] (BIS)
teño medo que mo quite (BIS)
algunha nena envexosa (BIS)
Ai la le lo, ai la la la.

RETROUSO (2)

6.- MORENA POR TI

Retrouso
*Non hai quen
recoñeza que entenda
dalgunha maneira
o que sinto por ti.
Non son quen,
de bogar mariñeira,
bogar prá ribeira se non é por ti
Eu non sei,
ai que clase de meiga
conxurou a teima,
que sinto por ti.
Pois haber,
pois haber ten que habela
porque paso en vela
as noites por ti*

[O meu latexar é morena por ti
ei de bogar pra ribeira por ti,
ei de cantar nas tabernas por ti,
ei prendelas estrelas morena por ti](BIS)

[Un pasodobre e a vida por ti,
abrín o baile morena por ti,
ei de bailalo sempre xunto a ti,
ata o fin da verbena morena por ti](BIS)

[Subín o Tegra prendado de ti,
leveí a gaita morena por ti,
xunto á capela toquei, aí! por ti
e resoa en Camiña, morena por ti](BIS)

[Alá no alto xurei aí por ti,
un trago longo morena por ti,
nese cruceiro xurei, aí! por ti,
que este ano non choro, morena por ti]
(BIS)

RETROUSO

7.-MANEO DA COXA

Aghora que me vai dando
O pelo pola cintura
Xa lle digho miña naie-e
Eu marchó xa non son súa
Ai lalalá la la la laaa
Ai lalalá la la la laaa

Retrouso
*Tira boi, tira vaca, tira galiña
Os rapaces de agora teñen morriña
Teñen morriña nena, teñen morriña
Tira boi, tira vaca, tira galiña*

Ven aquí que che eu direi
A causa de eu ser morena
Estou adourando o sol-e
Que cos seus raios me queima
Ai lalalá...

RETROUSO

Non quero nada do dado
Que o dado algo requer
Pidireino emprestado
Pagarei cando poider
Ai lalalá...

RETROUSO

Salgueiro prende de póla
Amieiro de raís-e
Amores que ides facendo
Vinde todos para min-e

Ai lalalá...
RETROUSO
8.- O CARRO

[Non canta na Cha ninguén,
por iso o meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.](BIS)

Non hai canto tan fermoso,
fino coma un asubío,
anque é, as veces, saudoso
faise no ar rechouchío.

Non canta na Cha ninguén,
por iso o meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta

O meu carro é cerna dura,
sábese carballo e freixo.
Que fermosa a súa feitura!
Que lixeireza a do eixo.

As cousas vanse aledando
por onde meu carro pasa:
Carrétame herba pro gando,
tráeme a colleita pra casa!

[Non canta na Cha ninguén,
por iso o meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta] (BIS)

9.-RUMBOIA

Heime de casar pra Castro,
terriña de moita leña,
hei de trager un feixiño
pra cando a rumboia veña.

Anda Xoana, árdeche a Troia,
vente comigo,
bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia,
anque *séa* noite e día.

Retrouso
[Federico Antón, Federico Antón
marcha mañana
Federico Antón, Federico Antón
para La Habana] (BIS)

Miña comadre Polonia
non vin muller coma ela,

os ósos dállos ao home,
a carne cómea ela.
Ou lindo lindo, ou miña xoia,
imos a Lugo, bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia, rumboia da miña vida.

RETROUSO
Tódolos carabineiros
dormen cos pés á xeadá
e de alí ao outro día
a festa da rumbeirada.

Anda Xoana, árdeche a troia,
vente comigo bailaremos a rumboia.
Viva a rumboia, rumboia viva,
viva a rumboia anque *séa* noite e día.

RETROUSO (3)

10.- MUIÑEIRA DE OLIVEIRA

[Teño un amor que me ama,
outro que me dá diñeiro,] (BIS)
[outro que me desengana
ese é o verdadeiro.](BIS)

[O muíño da Oliveira
heino de mandar pechar(e),](BIS)
[con caravillas de prata
heino de acaravillar(e).](BIS)

[Teño unha silva na porta,
nin me pica nin me prende.](BIS)
[Teño unha mala veciña
que sen diñeiro me vende.](BIS)

[A perdiz anda no monte,
o perdigón no valado.](BIS)
[A perdiz anda dicindo,
ven pra aquí meu namorado.](BIS)

Ailaralá lala lala, Ailaralala lala lala
Ailarala lala lala, Ailaralala lala lala(BIS)

11.-OS MEUS AMORES

Aí veñen os meus amorés
cantando na súa dorniña
saen ó atardecer
a pescar moita sardiña , aí
os meus amorés, aí os meus amorés.

Empuxando polos remos
xa non se pode sentar
vén cargadiño de peixe

de toda a noite no mar, aí os meus amores, aí os meus amores. Retrouso <i>Non quero que saías máis de noite a ir a pescar que pode arrecíalo vento a piques de naufragar cala, cala miña meiga témonos que aproveitar xa sabes que non hai sempre boa colleita no mar</i>	- <i>Sale morena a bailar</i> Eu caseime no Ribeiro pola fama do bo viño - <i>Sale morena a bailar</i> [e o lacazán do meu sogro soio tiña un pipotiño](BIS)	[Heiche de tocar as cunchas Miña carrapucheiriña Heiche de tocar as cunchas Naquela carballeiriña.] (BIS)	aí si si, aí <i>no no</i> , aquí está a xente na festa, aí si si.	O señor cura non baila porque ten unha coroa. baile, señor cura, baile, que Deus todo llo perdoa.	a media pide zapato as rapaciñas de agora piden rapaciños ghuapos
	RETROUSO (2)			Bailaches...(abofé, meu Xosé)	RETROUSO
	13.-O BURRO DA TIA LOLA		16.- O POUSA	No curro da Carolina non entra carro pechado namais entra Carolina co seu cocho polo rabo.	Namoreime dunha nena porque ela cantaba ben agora morro de fame o cantar non me mantén.
Boga boga compañeiro que eu te estou a esperar para recoller a pesca e levala subastar, aí os meus amores, aí os meus amores.	(O burro da tía Lola baila o fandango nunha perna sola, Aí la, la, la,...) (BIS) (Baila o fandango e maila muiñeira e á tía Lola tamén a peneira. Aí la, la, la,...) (BIS)	[O crego foi ao muíño E caeu da ponte abaixo Acudide ao crego, mozos Que vai polo río abaixo] (BIS)	Retrouso <i>[E pousa, pousa, pousa, e non me toques naquela cousa e pousa, pousa axiña, e non me toques naquela cousiña.] (BIS)</i>	Bailaches...(si señor, meu amor)	RETROUSO
Co diñeiro que ti gañes adornarei a casiña e ti <i>podrás</i> repoñer os enseres da dorniña, aí os meus amores, aí os meus amores.	Retrouso <i>Ai la, la, la,...</i> <i>Ai la, la, la,...</i>	Chamáchesme trubisqueira aí si si. Chamáchesme trubisqueira aí si si, aí <i>no no</i> herba que o gando non come aí si si. Mais vale ser trubisqueira aí si si, aí <i>no no</i> que muller de ruín home aí si si.	[Murmuraban as miñas veciñas que eu andaba co crego nas viñas] (BIS) [Iso é verdade, eu non o nego, que eu andiven a loitas co crego.] (BIS)	Co teu amor Carolina non volvas a bailar, porque che levanta a saia i e moi mala de baixar	RETROUSO (3 BIS)
RETROUSO (2)	(Non sei que cousa ten Ai! Que cousa ten a María. Aí la, la, la,...) (BIS) (Non sei que cousa ten que enséña de noite e garda de día. Aí la, la, la,...) (BIS)			18.-FOLIADA DO CAMIÑO Á FESTA	20.- LÉVAME
12.- SE TE CASAS EN OURENSE		Retrouso <i>Xa me dixo teu pai que te saque a bailar e no medio do baile que te deixe quedar</i> (2 BIS) <i>xa me dixo teu pai que te saque a bailar.</i>	[Cando me case xa teño un galo, xa miña nai non me ten que dalo;] (BIS) [cando me case xa teño un polo, xa miña nai non me ten que dar todo.] (BIS)	[Antes do mundo ser mundo antes de meu pai nacer-e] (BIS) [Antes de ter eu os ollos xa morría por te ver-e] (BIS)	[Aparta loureiro verde deixa clarexar a lúa] (BIS) [Que estou no medio do mar-e non vexo cousa ningunha] (BIS)
Se te casas en Ourense pídelle a proba primeiro - <i>Sale morena a bailar</i> Se te casas en Ourense pídelle a proba primeiro - <i>Sale morena a bailar</i> [da cacholiña do porco e o bo viño do Ribeiro](BIS)	RETROUSO	O río cando vai cheo aí si, si. O río cando vai cheo, aí si si, aí <i>no no</i> . Leva carballos e follas si si Tamén podía levar, aí si si, aí <i>no no</i> as linguas marmuradoras si si.	RETROUSO	Retrouso <i>Ía camiño da festa preparado para bailar e atopei no camiño a xente para tocar</i> (2 BIS) <i>Ía camiño da festa preparado para bailar</i>	Retrouso <i>[Lévame, lévame, lévame lévame a beira do mar lévame meu queridiño que eu quero navegar]</i> (BIS)
Retrouso <i>Se vas ao Ribeiro ao Ribeiro de Avia</i> <i>Se vas ao Ribeiro vai por Ribadavia</i> <i>Vai por Ribadavia vai por Ventosela</i> <i>Que hai unha morena que da xenio vela</i> <i>Que da xenio vela da xenio mirala</i> <i>Se vas ao Ribeiro vai por Ribadavia</i>	(Señora María reprenda o seu galo que as miñas polas ándanlle ó rabo .Aí la, la, la,...) (BIS) (Señora María reprenda o seu pito vai pola rúa feito un señorito. Aí la, la, la,...) (BIS)		RETROUSO 3(BIS)	[No meu sono máis profundo á túa beira disfrutaba] (BIS) [Por desgraza espertei-e e non recordaba nada] (BIS)	<i>Na beira do mar hai moito que ver baila miña Maruxa si baila na punta do pé</i> (BIS) <i>baila na palma da man baila miña Maruxa si baila se queres bailar</i>
	RETROUSO		17.-A CAROLINA	RETROUSO	
	(Cando te vexo á beira do río quédame o corpo temblando de frío Aí la, la, la,...) (BIS) (Cando te vexo a un pouco de altura todo o corpo me da calentura. Aí la, la, la,...) (BIS)	Salgueiro verde no río aí si si. Salgueiro verde no río, aí si si, aí <i>no no</i> . Cuberto de flores brancas si si. Como queres que te queira aí si si, aí <i>no no</i> . Sendo ti galán de tantas si, si.	A saia da Carolina, ten un lagarto pintado; cando a Carolina baila, o lagarto dálle ó rabo.	[Cántame, cántame, canta que sonche moi de cantar-e] (BIS) [Que se me cantas bonito eu heime de namorar-e] (BIS)	[Tráeme vento do mar-e Tráeme ventiño mareiro] (BIS) [Tráeme vento do mar-e Novas do meu mariñeiro] (BIS)
Agora xa non se leva pedirlle as fillas aos pais - <i>Sale morena a bailar</i> Agora xa non se leva pedirlle as fillas aos pais - <i>Sale morena a bailar</i> [entrar pola porta a dentro meu sogro, que tal lle vai?](BIS)	RETROUSO	RETROUSO	Bailaches, Carolina? Bailei, si señor! Dime con quen bailaches? Bailei co meu amor 2 (BIS) Bailaches, Carolina? Bailei, si señor!	RETROUSO (BIS)	RETROUSO
	14.- SANTA LILAINA	RETROUSO		19.-CARMIÑA CARMELA	[Miña lanchiña de vela Miña remolqueadora] (BIS) [Fíxéche-la cama fora Onde vas durmir agora] (BIS)
	[Sempre me andas preguntando De que romaría veño Veño de Santa Lilaina De Santa Lilaina Veño] (BIS)	Vou a dar a despedida aí si si. Vou a dar a despedida, aí si, si, aí <i>no no</i> , por riba dun pau de xesta, aí si si. Aquí está a boa xente,	A Carolina é unha tola que todo fai o revés; vístese pola cabeza e dispese polos pes Bailaches...(cuartel, coronel)	Retrouso <i>Vén bailar Carmiña, Carmiña, Carmela con zapato baixo e media de seda e media de seda, e media calada ven bailar Carmiña miña namorada.</i>	RETROUSO (BIS)
RETROUSO				O zapato pide media	

